



ANPA CEIP A MAÍA  
Avenida da Peregrina, s/n. CP: 15220  
Bertamiráns (Ames)  
Teléfono: 696 482 275  
E-mails: [anpaceipamaia.ames@gmail.com](mailto:anpaceipamaia.ames@gmail.com)  
[info@anpa-maia.es](mailto:info@anpa-maia.es)  
Web: [www.anpa-maia.es](http://www.anpa-maia.es)

Subvencionada por:



## **SOLICITUDE DE SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS ESTRUTURAIAS NO CEIP A MAÍA (BERTAMIRÁNS-AMES)**

**A/A do conselleiro Educación, Ciencia, Universidades y  
Formación Profesional, Román Rodríguez González:**

Desde a ANPA do CEIP A Maía, en nome do conxunto das familias que integran a comunidade educativa deste centro, remítese o seguinte escrito coa fin de poñer de manifesto as graves deficiencias estruturais que presentan os edificios que integran este centro escolar, especialmente o de Educación Primaria. As devanditas deficiencias están a provocar problemas no desenvolvemento regular das xornadas lectivas tanto do alumnado como do profesorado do colexio, chegando a resultar as instalacións insalubres e nada acaídas para a correcta realización da actividade académica diaria.

O presente escrito vén a reforzar, unha vez máis, as peticións realizadas con anterioridade por esta ANPA tanto ao Concello de Ames como á propia Consellería de Educación. Cabe indicar que, pola información que se trasladou desde os servizos técnicos municipais e tamén desde a propia dirección do centro, estes problemas proceden, na maioría dos casos, do mal estado en que se atopa tanto a cuberta do edificio de Educación Primaria como da falta dun acaído mantemento e renovación dunhas instalacións que contan con máis de 3 décadas de existencia.

Entre os problemas cos que a comunidade educativa se atopa día a día nas aulas salientan as goteiras, filtracións de auga, mofos nas paredes e mesmo rotura de placas do falso teito co consecuente risco de desprendemento das mesmas. Do mesmo xeito, parte da carpintería do centro -marcos de fiestras e portas- atópanse agretadas e practicamente inservibles.



ANPA CEIP A MAÍA  
Avenida da Peregrina, s/n. CP: 15220  
Bertamirás (Ames)  
Teléfono: 696 482 275  
E-mails: [anpaceipamaia.ames@gmail.com](mailto:anpaceipamaia.ames@gmail.com)  
[info@anpa-maia.es](mailto:info@anpa-maia.es)  
Web: [www.anpa-maia.es](http://www.anpa-maia.es)

Subvencionada por:



Unhas deficiencias que se poden comprobar nos arquivos fotográficos anexos e que poñen de manifesto a necesidade da súa urxente subsanación. Como se pode supoñer, esta situación resulta, canto menos, perigosa para o conxunto da comunidade educativa que acude a diario a este colexio.

Dada esta situación que se agrava non só co paso do tempo, senón tamén polos temporais rexistrados nas últimas semanas, lévanse a cabo medidas que pretenden paliar un pouco estas deficiencias. Neste caso, o propio profesorado coloca caldeiros para a recollida de auga nas aulas que teñen goteiras e tamén se instalaron deshumidificadores para evitar o frío e a humidade xerada polas continuas filtracións de auga tanto polo teito como polas fiestras.

Por outra banda, tamén cómpre poñer de manifesto a situación na que se atopa o patio cuberto localizado entre os edificios de Educación Primaria e Infantil. Aínda que o pasado curso se instalou unha lona en dous dos laterais desta infraestrutura, esta medida resultou de todo insuficiente, xa que, no momento en que chegan as choivas -e máxime temporais como os das últimas semanas- o chan anégase resultando perigoso para o alumnado. De feito, desde que se iniciaron as sucesivas cicloxéneses explosivas, o estudiantado dos cursos de Educación Primaria non poden realizar as clases de Educación Física nestas instalacións ao resultaren un perigo. Do mesmo xeito, as actividades extraescolares -entre elas, varias ofertadas por esta ANPA- tamén se ven comprometidas ao non poder utilizar un patio cuberto que se enche de charcos de auga debido ás intensas choivas.

Aínda que se teñen realizado arranxos puntuais nos últimos anos, resulta evidente que non deixaron de ser un parche para un problema estrutural moito maior. A solución só pasa por un arranxo global dunhas instalacións que levan máis de 3 décadas sen un



ANPA CEIP A MAÍA  
Avenida da Peregrina, s/n. CP: 15220  
Bertamirás (Ames)  
Teléfono: 696 482 275  
E-mails: [anpaceipamaia.ames@gmail.com](mailto:anpaceipamaia.ames@gmail.com)  
[info@anpa-maia.es](mailto:info@anpa-maia.es)  
Web: [www.anpa-maia.es](http://www.anpa-maia.es)

Subvencionada por:



proxecto de mantemento de seu. Valga como exemplo que nunca se realizou un pintado total das aulas desde a apertura do centro educativo.

Sabendo que Ames é o municipio galego coa poboación máis nova, cómpre que as Administracións competentes como, neste caso, a Consellería de Educación tome as medidas acaídas para ofrecer unhas instalacións educativas seguras e de calidade para o amplo alumnado amiense. A situación na que se atopa actualmente o CEIP A Maía resulta insostible, toda vez que se converteu nunha grave preocupación para persoal laboral, estudiantado e familias, dado o evidente risco de accidentes que supón acudir a diario a unhas instalacións que presentan deficiencias desta magnitude.

Por todo isto, desde a ANPA do CEIP A Maía solicítase o arranxo urxente das graves deficiencias nestas instalacións educativas anteriormente indicadas e documentadas graficamente. Como se pode comprobar, non se pode demorar máis a posta en marcha dun proxecto de mellora estrutural do centro.

Á agarda da súa resposta, en Ames a 04 de Febreiro de 2026

María Armas González  
Presidenta